




CABO CORRUBEDO

Adela Leiro, Mon Daporta
xullo 2018



Distancia: 5 km

Dificultade: baixa




Unha camiñada circular pola contorna de Corrubedo para percorrer a liña de costa entre a localidade e o faro e poder apreciar o contraste entre o litoral protexido e o litoral exposto. De interese paisaxístico e natural. Está incluído nunha proposta do LIC/ZEC Complexo Húmido de Corrubedo.


PERCORRIDO

Saíndo do porto camiñamos o máis preto posible do mar para desembocar na praia da Ribeira do Prado, recollida e de area moi fina, despois de percorrela subimos polas rochas e, por un carreiro pouco evidente e menos transitado, achegámonos á punta Praxeio desde a que temos unhas fermosas panorámicas da localidade e da enseada na que, ao fondo, podemos apreciar o conxunto do Parque Natural, a duna móbil, a praia do Vilar e a costa exterior de Aguiño coas illas de Sagres. Na punta Praxeio temos dúas caras de forte contraste: a interior, detrás da que se acolle a localidade, recortada e de augas tranquilas; e a exterior, exposta, na que se amorean os coios que modela e xunta a forza do mar. Camiñando logo por coídos e cantís de pouca altura, fortemente puídos e recortados onde os traballa o mar e cubertos de carrizos de cores grises e amarelas onde a auga non chega, beireamos a punta de Pozo Salgueiro, e a enseada do Chan de Teira ata a punta do Outeiro dos Corvos (todos eles puntos de interese) pasando por terreos antano cultivados, e xa avistamos o faro que aínda se atopa a uns 700 m. Unha vez no faro podemos volver pola estrada e logo desviarnos á dereita ao pé do cemiterio por unha rúa que en liña case recta nos devolve ao porto, ou seguir pola beira do mar ata a praia de Balieiros, enfrontada ao mar aberto, e subir desde ela a estrada para volver á localidade co que alongamos a camiñada pouco máis de 500 m.

Ao ser un traxecto circular podemos comezar en calquera punto, pero facendo o percorrido no sentido no que o describimos levamos, a non ser que sexa pola tarde, a luz a favor. Tamén é recomendable facelo coa marea baixa porque así os cantís semellan máis altos e teñen ao descuberto todas as súas formas.



Corrubedo e a praia da Ribeira do Prado desde a punta Praxeio




Punta Praxeio



Corrubedo e a praia da Ribeira do Prado desde a punta Praxeó




Praia da Ribeira do Prado



Punta Praxeó



Punta de Pozo Salgueiro



Enseada de Chan de Teira



Punta do Outeiro dos Corvos



Faro de Corrubedo



Cabo Corrubedo: punta Buraseira e illotes As Polbeiras